

**ACTA DA ASEMBLEA XERAL DE ENTIDADES SOCIAS
DO FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE**

REUNIÓN A TRAVÉS DE VIDEOCONFERENCIA.

28 de outubro de 2021

Hora de inicio: 9:08h

ASISTENTES:

Rocío López	Concello da Laracha
Patricia Domínguez	Concello da Pobra de Trives
Amparo Cerecedo	Concello da Pobra do Caramiñal
Begoña Olveira	Concello da Pobra do Caramiñal
Gustavo Quindimil	Concello de Abegondo
Arantxa Incera	Concello de Alfoz
Luísa Feijóo	Concello de Ames
Pilar López	Concello de Arteixo
Alejandra Pérez	Concello de Bergondo
Paula González	Concello de Cabanas
Felicidad González	Concello de Cabanas
Maica Ures	Concello de Carballo
Mercedes Caridad	Concello de Carral
José Antonio Ferreiro	Concello de Castrelo de Miño
Lourdes Enes	Concello de Covelo
Sandra García	Concello de Culleredo
Manuel Campos	Concello de Cuntis
María José Paz	Concello de Fene
Eva Martínez	Concello de Ferrol
Violeta Vázquez	Concello de Guitiriz
José Luis Pérez	Concello de Laxe
Pilar Rodríguez	Concello de Lugo
Noelia Freijeiro	Concello de Malpica de Bergantiños
Yolanda Bello	Concello de Miño
Daniel Costas	Concello de Moaña
María del Pilar Pazo	Concello de Moeche
Gloria Prada	Concello de Monforte de Lemos
José Cela	Concello de Moraña
Ana Varela	Concello de Mugardos
Catalina García	Concello de Narón

Juan González	Concello de Nigrán
Marga Figueroa	Concello de Oleiros
Rosa Fernández	Concello de Poio
Cristina Fernández	Concello de Pontearreas
Verónica Carrera	Concello de Pontearreas
Raquel Caruncho	Concello de Pontedeume
Marcos Rey Pazos	Concello de Pontevedra
Adolfo Muíños	Concello de Rianxo
Ana Moreiras	Concello de San Cibrao das Viñas
Ana B. Gundín	Concello de San Sadurniño
Verónica Rodríguez	Concello de San Sadurniño
Geni Valcárcel	Concello de Sarria
Cristina Martínez	Concello de Tomiño
Emilia Somoza	Concello de Verín
Manuel Cardoso	Concello de Vilardevós
Orlando Saavedra	Concello do Barco de Valdeorras
Manuel Cerdeira	Concello do Irixo
Olga García	Deputación de Pontevedra
Carmen Novas	Persoal técnico do Fondo Galego
Andrea García	Persoal técnico do Fondo Galego

Escusan asistencia: Concello da Coruña, Concello da Estrada, Concello da Guarda, Concello da Pastoriza, Concello das Neves, Concello das Pontes, Concello de Allariz, Concello de Baños de Molgas, Concello de Barreiros, Concello de Barro, Concello de Betanzos, Concello de Boiro, Concello de Brión, Concello de Bueu, Concello de Burela, Concello de Cabana de Bergantiños, Concello de Caldas de Reis, Concello de Cambados, Concello de Cambre, Concello de Cariño, Concello de Cartelle, Concello de Castroverde, Concello de Corcubión, Concello de Dumbría, Concello de Gondomar, Concello de Lousame, Concello de Manzaneda, Concello de Monfero, Concello de Muros, Concello de Noia, Concello de Oímbra, Concello de Ourense, Concello de Outes, Concello de Pontecesures, Concello de Porto do Son, Concello de Ramirás, Concello de Redondela, Concello de Riotorto, Concello de Ribeira, Concello de Rodeiro, Concello de Sada, Concello de Sandiás, Concello de Santiago de Compostela, Concello de Silleda, Concello de Soutomaior, Concello de Teo, Concello de Triacastela, Concello de Valga, Concello de Vereá, Concello de Viana do Bolo, Concello de Vilagarcía de Arousa, Concello de Vilar de Santos, Concello de Vilasantar, Concello de Viveiro, Concello de Xove, Concello do Porriño, Concello do Valadouro, Deputación da Coruña, Deputación de Lugo.

Toma a palabra o Presidente, Juan González, para agradecer a participación. Resalta que é a segunda reunión da Asemblea Xeral que se convoca nesta anualidade debido á conveniencia de someter á aprobación da Asemblea a proposta de cambio de criterio para o cálculo das cotas das entidades socias, punto fundamental desta reunión, que se tratará pormenorizadamente no terceiro punto da orde do día, desde a perspectiva que caracteriza ao Fondo Galego, o consenso.

Así mesmo, destaca que esta é unha Asemblea trascendental para o Fondo Galego, xa que, de aprobarse esta iniciativa, suporá un reforzo, non só da capacidade da asociación para apoiar procesos de desenvolvemento en países menos adiantados, senón tamén un xeito de visibilizar o esforzo e a implicación do municipalismo galego en materia de cooperación ao desenvolvemento.

Faise un repaso da orde do día antes de dar inicio á sesión.

Acto seguido, comézase polo primeiro punto da orde do día, para o cal o Presidente dá a palabra á Secretaria da entidade, Luísa Feijóo.

1. Aprobación da acta anterior.

A Secretaria indica que a acta correspondentes á Asemblea Xeral do 7 de abril de 2021 foi remitida por correo electrónico nos días posteriores á súa celebración, sen que se recibira ningunha alegación ao respecto. Así mesmo, a acta volveuse enviar coa convocatoria da presente reunión, sen recibir achegas novamente. Feijóo pregunta ás asistentes se alguén ten algunha cuestión que comentar sobre a mesma e, tras non recibir ningunha achega ao respecto, dáse por aprobada.

2. Ratificación das altas e baixas.

O Presidente dá a palabra a Luísa Feijóo para tratar este punto.

A Secretaria indica que, desde o período que vai do 7/04/2021 ata a data actual rexistrouse unha nova alta na asociación:

- Concello de Barreiros (Lugo): adhesión por acordo plenario celebrado o 10/03/2021.

Dáse a benvida ao Concello de Barreiros e procédese a resolver a súa alta na asociación.

Así mesmo, Feijóo comenta que a Comisión Executiva, que ten entre as súas obrigas, segundo se recolle no artigo 15.a, f) dos Estatutos: “Propoñer a expulsión de entidades socias por incumprimento grave e reiterado das obrigas establecidas”, valorou someter a resolución de baixa por parte da Asemblea Xeral ao Concello de Dumbría, por incumprimento reiterado no pago da cota social.

E recorda que, segundo recolle o Artigo 30, titulado “Perda da condición de entidade

socia”, o incumprimento reiterado no pago da cota social é unha das causas polas que unha entidade pode perder a condición de socia do Fondo Galego.

Concretamente, no caso do Concello de Dumbría, obsérvase o impago da cota social dos anos 2016, 2017, 2018, 2019 e 2020, ascendendo a un total de 1.780,74€.

Por tanto, sométese á resolución de baixa do Concello de Dumbría por incumprimento reiterado no pago da cota social, cuestión que é aprobada pola Asemblea Xeral por unanimidade.

Por tanto, dáse conta do número resultante de entidades socias, que ascende a 102.

3. Proposta de cambio de criterio para o cálculo das cotas das entidades socias.

Toma a palabra Juan González e comeza apuntando que na documentación enviada xunto coa convocatoria poden consultar a documentación relativa a este punto. Así mesmo, indica que foron realizadas consultas con diversos concellos e deputacións para conseguir o consenso nesta cuestión.

A súa exposición prodúcese acompañada dun power point, que se adxunta a esta acta. A primeira cuestión a comentar é o punto de partida, é dicir, o sistema de cálculo de cotas que se emprega na actualidade e que foi aprobada na Asemblea Xeral do 26/06/2009. Tras facer un recordatorio de como se produce o seu cálculo, fundamentado principalmente no número de habitantes, continúa sinalando as carencias observadas sobre a mesma:

- a) Caducidade: o sistema aprobado en xuño de 2009 conta xa con 12 anos de vixencia, sen revisión.
- b) Criterio obsoleto: se ben o número de habitantes foi un criterio frecuentemente empregado en décadas anteriores polos Fondos de cooperación, actualmente no sistema internacional de cooperación ao desenvolvemento recoméndase empregar outras variables que sexan capaces de medir o esforzo económico das entidades que fan cooperación ao desenvolvemento.
- c) Fórmula complexa: A fórmula empregada actualmente para o cálculo das cotas é unha fórmula complexa da que non todas as entidades son coñecedoras. Unha fórmula máis sinxela permitiría a todas as entidades socias e non socias o seu cálculo de xeito claro e certo, gañando así en transparencia.
- d) Esforzo desproporcionado: Está comprobado que o sistema de cotas mínimas actual provoca iniquidade, en termos económicos, entre os concellos de maior e menor número de habitantes. Son os concellos de menor número de habitantes os que fan un maior esforzo económico no pago das súas cotas anuais.

A proposta enmárcase no contexto do cumprimento da Axenda 2030, aprobada no ano 2015 polas Nacións Unidas, que resulta ser un plan de acción a favor das persoas, o

planeta e a prosperidade, que tamén implica fomentar a paz universal e o acceso á xustiza. Con 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sostible e 169 metas propostas, o maior desafío proposto é a erradicación da pobreza, xa que sen iso non pode haber desenvolvemento sostible.

Noméanse, asemade, os outros principios inspiradores deste novo sistema de cálculo das cotas, que derivan das limitacións observadas no sistema de cotas existente ata o momento:

- A proporcionalidade do esforzo entre as entidades socias.
- Transparencia. Simplificar o sistema de cotas, para que sexa máis sinxelo de entender e calcular por calquera persoa ou entidade.
- A adopción dun criterio internacionalmente aceptado que permita medir os esforzos que realizan as administracións locais galegas en materia de cooperación ao desenvolvemento.

Por outra banda, o Presidente pon de relevo que a pandemia do coronavirus, que afectou de xeito global a todos os pobos do mundo, puxo en evidencia algunhas cuestións que cómpre ter en conta:

- a) O mundo que habitamos é un mundo interconectado, construído en base a moitos sistemas distintos pero relacionados, tanto a nivel ambiental, como social, económico, técnico, político, etc. O que acontece nunha punta do planeta pode chegar a afectar á outra, en menor ou menor intensidade.
- b) Aqueles países que contaban cunha situación de partida máis vulnerable foron máis gravemente afectados pola pandemia.
- c) O retroceso na consecución dos Obxectivos do Desenvolvemento Sostible, sobre todo naqueles países que contaban cunha situación de desvantaxe inicial. En nove anos chegaremos ao ansiado 2030, ano no que se debería dar cumprimento a todos os obxectivos en todas partes.
- d) Os países do Norte, ou países desenvolvidos, deben asumir unha maior responsabilidade na construción dun mundo máis equitativo, baixo o lema de “non deixar a ninguén atrás”.

Por tanto, para dar cumprimento aos principios inspiradores dun novo sistema de cálculo de cotas, propónse a seguinte fórmula:

- Empregar como variable os ingresos correntes fixados no orzamento das entidades socias. Os ingresos correntes veñen determinados polos cinco primeiros puntos do orzamento (impostos directos e indirectos, taxas municipais e outros ingresos, transferencias correntes e ingresos patrimoniais). Teríase en conta para o establecemento das cotas os últimos datos publicados na páxina web do

Ministerio de Facenda.

- Aplicar a porcentaxe aprobada pola Asemblea Xeral sobre os ingresos correntes. A Comisión Executiva propón aplicar o 0,01% sobre os ingresos correntes.
- Manter a cantidade resultante como unha cota fixa durante un período de tempo (dado que se entende que os ingresos correntes variarán levemente de unha a outra anualidade) ata que se produza a actualización dos datos económicos das entidades socias, a proposta da Comisión Executiva ou petición da Asemblea Xeral.
- Para aquelas entidades socias que están achegando unha cantidade superior ao 0,01%, proponse que se manteña a cantidade fixada pola cota da anualidade 2021.
- Ter como horizonte o 0,7% que marca a ONU, polo que se prevé propoñer revisións periódicas da porcentaxe a aplicar.
- O desafío sería conseguir no ano 2030 unha achega municipal do 0,1% sobre os ingresos correntes a cooperación ao desenvolvemento.

Así mesmo, prevense determinadas medidas encamiñadas a facilitar e fomentar o esforzo económico das entidades socias no pago das cotas:

- a) Posibilidade de fragmentar o incremento da cota resultante, cando o houbera, en dúas ou tres anualidades, de xeito que a entidade puidera ir incrementando progresivamente o orzamento destinado cota ao Fondo Galego.
- b) Posibilidade de solicitar a revisión voluntaria da cota dun Concello/Deputación cando se produza unha mingua ou incremento dos ingresos correntes nunha anualidade na que non que non está previsto levar a cabo a actualización dos datos económicos para o cálculo das cotas.
- c) En todo caso, este sería un sistema de cotas mínimas, polo que nada impediría que unha entidade socia puidera achegar unha cantidade superior en concepto de cota social.

As repercusión da aplicación deste sistema de cálculo das cotas serían as seguintes:

- Xa hai 83 entidades socias que actualmente están achegando o 0,01% sobre os ingresos correntes ou incluso unha cantidade superior, polo que non se verían afectadas.
- Tan só 20 entidades se verían afectadas por un incremento da cota coa aplicación do novo criterio.
- A aplicación do novo criterio suporía un incremento aproximado no orzamento de 71.993,58€/ano.
- Está na vontade da Comisión Executiva destinar este incremento do orzamento

a proxectos de cooperación cos países en vías de desenvolvemento.

Juan González informa de que foron mantidas reunións e conversas telefónicas cos Concellos e Deputacións que se verían afectadas por este cambio de criterio, xa que lles supoñería un incremento da súa cota, manifestando de xeito maioritario o acordo coa proposta. Os concellos que se verían afectados por un incremento na súa cota serían: Concello da Coruña, Concello das Pontes, Concello de Ames, Concello de Arteixo, Concello de Barreiros, Concello de Carballo, Concello de Culleredo, Concello de Ferrol, Concello de Lugo, Concello de Mugardos, Concello de Narón, Concello de Oleiros, Concello de Ourense, Concello de Ribeira, Concello de Santiago de Compostela, Concello de Vilagarcía de Arousa, Concello de Xove, Deputación da Coruña, Deputación de Pontevedra.

O Presidente remata agradecendo o compromiso dos concellos e deputacións que van ver incrementada a súa cota e que se manteñen firmes co Fondo Galego.

Neste momento o Presidente abre a quenda de intervencións por se alguén quere comentar algunha cuestión ou mesmo se se procede á votación deste punto.

Andrea García comenta que no Fondo Galego, en aras de buscar o consenso, nunca se produciu unha votación como tal, senón que se promove que as diferentes cuestións sexan aprobadas por unanimidade ou por unha maioría notable. Así mesmo, García confirma que a resposta obtida polos concellos que se verían prexudicados polo incremento da cota, nas reunións previas á Asemblea, foi moi positiva en termos xerais a excepción do Concello de Xove, que comunicou o seu desacordo e que non está presente na reunión.

Ábrese o espazo para a recolla de achegas e manifestacións en contra da proposta. Non habendo ningunha, dáse por aprobada a proposta por unanimidade.

Toma a palabra Marga Figueroa, do Concello de Oleiros, para solicitar unha proposta de todo o exposto conforme se acaba de presentar para remitir á súa intervención.

Catalina García, do Concello de Narón, solicita o envío da mesma documentación que solititou Oleiros, e confirma que o incremento da súa cota será superior ao que lle corresponde, ascendendo a unha cifra de 1.000€.

4. Rendición de contas dos proxectos de cooperación ao desenvolvemento.

O Presidente dá a palabra a Andrea García para facer a presentación deste punto.

Apoiándose nun power point, Andrea García ofrece unha visión global dos proxectos en curso nesta anualidade e adianta que intervirán dúas persoas provenientes de El Salvador e Guinea Bissau para falar de primeira man de dous proxectos que actualmente están sendo executados.

Comeza indicando que o gasto na área de proxecto nesta anualidade ascende a 194.325,85€, un corenta e catro por cento máis que na anualidade anterior, correspondendo a 10 proxectos impulsados no 2021 e outros dous que iniciaron a súa execución no 2020.

Estes dous proxectos que se iniciaron no 2020 son os seguintes:

- Promoción dos dereitos da infancia no medio rural dos distritos de Boane e Namaacha (Mozambique). Impulsado xunto coa Fundação Encontro.
- Proxecto de mellora de abastecemento de auga e electrificación pública no municipio da Vila de Nhamatanda (Mozambique). Impulsado xunto coa Asociación Nacional de Municipios de Mozambique.

Os proxectos de cooperación directa impulsados propiamente no 2021 son:

- Apoio á obtención de auga potable na Illa de Pecixe (Guinea Bissau). Impulsado xunto co Goberno Rexional de Cacheu.
- Promoción dos dereitos da infancia dos distritos de Boane e Namaacha (Mozambique). Impulsado xunto coa Fundação Encontro.

En canto á Axuda Humanitaria, foron impulsadas catro iniciativas:

- Adquisición de xiringas para a vacinación COVID na cidade de la Habana (Cuba). Financiado a través da ONGD SODEPAZ.
- Caravana de Axuda Humanitaria (Tindouf-Alxeria). Financiado a través da ONGD SOGAPS
- Apoio para a reconstrución e rehabilitación de vivendas de 25 familias damnificadas pola tormenta ETA e IOTA (Guatemala). Financiado a través da Pastoral Social Diócesis de Verapaz.
- Construción de vivendas resilientes fronte ao cambio climático no municipio de Boane (Mozambique). Impulsado xunto coa Asociación Nacional de Municipios de Mozambique e que conta co cofinanciamento da Xunta de Galicia. Recupérase, con este proxecto, a colaboración en proxectos de cooperación ao desenvolvemento entre a Xunta de Galicia e o Fondo Galego tras 10 anos.

Así mesmo, recórdanse cales foron os catro proxectos aprobados a través da convocatoria de proxectos na pasada Asemblea Xeral:

- Acceso ao dereito a unha vivenda e saneamento para 34 familias rurais desfavorecidas no distrito de Kurnool (India). ONGD Vicente Ferrer.
- Fortalecemento produtivo e participación efectiva de 9 cooperativas pesqueiras para a mellora da xestión pública no Departamento de Chinandega (Nicaragua). ONGD Amigos da Terra.
- Mulleres lideresas pola defensa e pola sostibilidade ambiental no Departamento de Cuslatán (El Salvador). ONGD Agareso.

- Dereito á educación para as comunidades indíxenas Ch'orti' da Rexión VII de Jocotán , Chiquimula (Guatemala). ONGD SI

Acto seguido dáse a palabra a Morena Herrera, entidade executora do proxecto que o Fondo Galego está apoiando en El Salvador xunto coa ONGD Agareso. Herrera fai a súa exposición, destacando o dereito das mulleres sobre un ben fundamental como a auga potable.

Tras a súa exposición, numerosas felicitacións polo seu traballo son recibidas a través do chat e mesmo verbalmente. Entre elas atópase a de Ana Gundín, do Concello de San Sadurniño, María José Paz, do Concello de Fene, Luísa Feijóo, do Concello de Ames e Juan González.

Logo despois dáse paso a Alfonso Aleluia, representante do Goberno Rexional de Cacheu, en Guinea Bissau, que que procede a facer un resumo da execución do proxecto de abastecemento de auga que o Fondo Galego apoia na Illa de Pecixe co financiamento do Concello de Narón. Tras a exposición intervén Catalina García, concelleira de Narón, agradecendo o traballo desenvolvido polo Goberno Rexional de Cacheu no proxecto e ao Fondo Galego por dar a oportunidade de contribuír neste proxecto.

5. Rendición de contas das actividades de sensibilización.

Juan González dá a palabra a Carmen Novas para facer a presentación deste punto. Novas comenta que "Sensibilización e comunicación" é unha das tres áreas nas que se subdivide o Plan de Actividades 2021 do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, e ten como obxectivo "formar, informar e sensibilizar sobre temas de solidariedade, dereitos humanos e ODS ás administracións locais galegas". As actividades desta área foron debatidas a comezos de ano nas xuntanzas da Rede Municipalista Solidaria, integrada principalmente por persoal técnico das deputacións e concellos socios. Informa de que boa parte destas accións encádranse no convenio asinado coa Xunta de Galicia para apoiar a implementación dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible nas administracións locais. Deste xeito, levouse cabo a segunda edición do curso 'Localizando a Axenda 2030' e organizouse o novo Ciclo de Webinars 'A Axenda 2030 na cooperación municipalista', que culminará o 9 de novembro coa presentación dos proxectos apoiados nos países do Sur para impulsar o ODS 4: educación de calidade. Tamén se está a asesorar a catro municipios para que elaboren os seus propios plans de implementación da Axenda 2030 no eido local (Barreiros, Fene, Tomiño e Trives). Así mesmo, os días 25 e 26 de novembro desenvolverase o 2º Foro da Cooperación Municipalista da Lusofonía, con modalidades virtual e presencial na vila portuguesa de Braga. A finais de ano elaboraranse ademais a memoria anual e a Axenda 2022, centrada no 25º aniversario do Fondo Galego.

Por outra banda, no verán levouse a cabo o 4º Concurso de Murais arredor dos ODS 'Muros que unen', cofinanciado polo Concello da Coruña. Ademais, seguen estando dispoñibles as exposicións itinerantes 'Dereitos Humanos en Mozambique', 'No colo da esperanza' e 'Os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible'.

A maiores, como novidade do presente exercicio, colaboramos coa ONGD Solidariedade Internacional de Galicia nunha iniciativa a prol do consumo responsable que se está a desenvolver en Burela, Fene, Moaña, Pontecesures e Viveiro. Unha feira de comercio xusto e unha representación teatral son algunhas das actividades que se realizan, así como o asesoramento para promover a compra pública ética.

Con financiamento europeo desenvólvese ademais o proxecto 'People and Planet', que ten como finalidade concienciar as mozas e mozos sobre as graves consecuencias do cambio climático para que se convertan en axentes de transformación na procura dun mundo máis sustentable. Desenvolveranse máis de cincuenta actividades en diversos formatos e os concellos que aínda non recibiran ningunha están a tempo de solicitar as vacantes nos obradoiros de comunicación de guerrilla, performance ou debuxo urbano. Xa se implementaron ou están a implementar outras como o apagón ambiental, ao que se sumaron 24 municipios, ou os Consellos Climáticos Xuvenís en A Guarda, As Neves, Oleiros e Rodeiro.

Por último, a técnica informa que está aberta a inscrición para o 'Encontro estatal de gobernos locais e cooperación internacional ao desenvolvemento' que se celebrará en Córdoba do 10 ao 12 de decembro e no que o Fondo Galego participará presentando algunhas experiencias. Tamén estaremos, en calidade de asistentes, no V Congreso de Educación para a Transformación Social que terá lugar do 18 ao 20 de novembro en Vitoria.

6. Rogos e preguntas.

Non hai.

Sen máis asuntos que tratar, dáse por finalizada a reunión cando son as 10:35h.

Juan Antonio González Péres
Presidente

Luísa Feijóo Montero
Secretaria